



**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE DATA 5 DE XUÑO DO 2017 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XERENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

Por resolución da Presidencia do Consorcio de data 26 de maio do 2017, aprobábase a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

En dita resolución figuran como excluídos os aspirantes que se relacionan de seguido e polos motivos expostos a continuación:

“

***ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS:***

<b><i>APELIDOS E NOME</i></b>	<b><i>MOTIVO DA EXCLUSIÓN</i></b>
<i>FERNÁNDEZ LOPEZ, BERNARDO</i>	- <i>Non achega proxecto directivo</i>
<i>LOPEZ FUSTES, ANTONIO</i>	- <i>Non achega orixinais ou copias compulsadas da documentación presentada</i>
<i>NÚÑEZ ÁLVAREZ, JUAN JESÚS</i>	- <i>Non achega proxecto directivo</i> - <i>Non achega titulación titulación superior universitaria de: licenciado/a ou graduado/a en enxeñería, administración e dirección de empresas, dereito, ciencias políticas e da administración , ciencias económicas ou empresariais ou equivalentes nin certificación expedida pola administración competente na materia que acredite equivalencia da titulación presentada.</i>

”

De acordo co disposto na base 5.2 do proceso de selección, de existir reclamacións á lista provisional, aprobarase a lista definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a provisional. De non existir reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración, a lista provisional entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación

Os aspirantes que figuran como excluídos na lista provisional, D. Bernardo Fernández López; D. Antonio López Fustes e D. Juan Jesús Núñez Álvarez, presentan, dentro do prazo previsto para realizar reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a documentación precisa en cada caso para emendar a súas solicitudes de participación no proceso de selección.

En base ao anteriormente exposto, a Presidencia do Consorcio adoptou, con data, 5 de xuño do 2017 a seguinte resolución:

“

1. *Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión do posto de Xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento*

**ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:**

<b>Nº</b>	<b>APELIDOS E NOME</b>
1	ÁLVAREZ ÁLVAREZ, CARLOS
2	DIAZ GARCÍA, JOSE CARLOS
3	FERNÁNDEZ DÍAZ, IGNACIO
4	FERNÁNDEZ LOPEZ, BERNARDO
5	LOPEZ FUSTES, ANTONIO
6	NÚÑEZ ÁLVAREZ, JUAN JESÚS
7	PENELA TEIRA, IGNACIO JOSÉ
8	ROUCO SEOANE, MARTA MARÍA
9	SÁENZ LÓPEZ, CARLOS
10	VÁZQUEZ CABADO, LOURDES
11	VILOR RIVERO, HORACIO

2. *Ordenar a publicación do contido da presente resolución na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo*

”

Contra a lista definitiva os aspirantes poderán interpoñer:

- Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Presidencia Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- Recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución na páxina Web do Consorcio Provincial e da Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso – administrativo, será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.



- Todo o anterior sen prexuízo de que poidan exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente

En Lugo, a 5 de xuño do 2017

O SECRETARIO INTERVENTOR

José Antonio Mourelle Cillero